



Acta da Comisión Permanente do día 9 de abril de 2019

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 09/04/2019.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 09/04/2019.
- III. Distribución da bolsa de horas de recoñecementos docentes do Centro.
- IV. Distribución da bolsa de horas de recoñecementos docentes do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.

Ábrese a sesión ás 13 horas, na Sala de Xuntas situada no módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Subdirectora de Planificación e Organización Académica, Dona María Araújo Fernández, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 6 de febreiro de 2019.

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 6 de febreiro de 2019.

2. Aprobación, se procede, da inclusión dunha saída no calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para este segundo cuadrimestre do curso académico 2018/2019.

Propónse incluír a visita:

- Materia: Enxeñaría de explosivos, do Máster en Enxeñaría de Minas
- Profesor responsable: Carlos Martínez Torres
- Destino: Punta Langosteira (A Coruña)
- Data: 10 de abril de 2019

como a número 27 no calendario de saídas de estudos, xa que xurdiu despois da anterior comisión. Apróbase por asentimento.

3. Aprobación, se procede, da modificación da distribución de horas do Centro e do Máster en Enxeñaría da Minas.

Previo consentimento da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado, configúrase un novo reparto das horas da bolsa de recoñecementos docentes do Centro (Anexo III) e, paralelamente, da bolsa concedida ao Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (Anexo IV).

As modificacións propostas apróbanse por asentimento, e anulan as distribucións previamente aprobadas na Xunta de Escola celebrada o 19 de febreiro de 2019.

4. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 12 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a nove de abril de dous mil dezanove.

Vº e praxe

A Presidenta

O Secretario

María Araújo Fernández

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 09/04/2019



ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 09/04/2019

Asistentes á Comisión Permanente do 9 de abril de 2019
Presidenta da Comisión (por suplencia)
María Araújo Fernández
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
David Patiño Vilas
Profesorado
Alfonso Mandado Vázquez
Carmen Pérez Pérez
Fernando García Bastante
Teresa Rivas Brea
ESTUDANTES
Laura Andrés Herguedas
Daniel Pernas Rodríguez
PAS
M ^a Carmen Romo Pérez

Excusan a súa ausencia: Pablo Eguía Oller e María Mayte Marcote Pereira



ANEXO III

**Distribución da bolsa de horas de recoñecementos docentes do
Centro**



ANEXO IV

Distribución da bolsa de horas de recoñecementos docentes do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas